

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 26 DE XANEIRO DO 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas do día vinteseite de xaneiro do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada polo Sr. Alcalde D. José Luís Alonso Riego, foi presidida polo 1º Tte de Alcalde D. Ignacio D. Saa González ante a ausencia daquel, e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. José Vicente Ferreira.
- Dna. Teresa Cadilla Gonzalez.
- D. Manuel Alberto Franco Peixoto.

Non asiste o Sr. D. José Luis Lomba Álvarez.

Asiste como Secretaria Dna. Julia Mª Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACION ACTA SESION ANTERIOR.- (18/01/07)

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 18 de xaneiro ó que responden negativamente tódolos concelleiros presentes na mesma polo que a referida acta foi aprobada.

PUNTO 2.- SERVICIOS

Lese o escrito RE 6.218 de data 14 de setembro de 2006, presentado por D. JOSÉ RAMÓN FRANCO LOMBA, con enderezo na rúa San Caetano, nº 8 de A Guarda, solicitando revisión do contador de auga da súa vivenda por considerar que existe un consumo excesivo.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non procede a súa reclamación posto que, segundo informe do fontaneiro municipal, o contador funciona correctamente.

PUNTO 3.- SOLICITUDES

Lese o escrito RE 392 de data 23 de xaneiro do 2007, presentado por D. FELIX OLIER RIVERO, en representación da "Federación de Empresarios de Salas de Festa, Baile e Discotecas de Galicia", con domicilio social na Avda. de García Barbón, 104-1º de Vigo, solicitando que se lles remita copia das actas levantadas e listado de autorizacións municipais solicitadas polos locais e establecementos públicos para celebrar unha actividade de carácter festivo durante o pasado nadal.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non houbo ningunha solicitude de festa nin a Policía Local ten constancia de ningunha.

Lese o escrito RE 353 de data 22 de xaneiro de 2007, presentado polo DIRECTOR DO C.E.I.P. MANUEL RODRÍGUEZ SINDE, reiterando a solicitude de revisión e reparación dos focos do pavillón do centro.

A Xunta de Goberno Local sinala que se están levando a cabo.

Dase conta do escrito RE 298 de data 18 de xaneiro de 2007, presentado pola DIRECTORA DO IES A SANGRIÑA, solicitando o apoio da corporación municipal á solicitude deste centro ante o Delegado Provincial de Educación para a mellora do Salón de Actos.

A Xunta de Goberno Local acorda mostrar o seu apoio a este proxecto e dar traslado do mesmo á Delegación Provincial.

Lese o escrito RE 276 de data 18 de xaneiro de 2007, presentado por DNA. AMALIA GONZÁLEZ LOMBA, con enderezo na rúa Malteses, nº 99 de A Guarda, solicitando autorización para intervir no próximo pleno municipal para expoñer e sensibilizar a corporación municipal respecto do problema que padecen cos cans soltos na rúa Oliva e Malteses.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a solicitude de participar no Pleno seguinte que se celebre trala recepción desta comunicación. Asimesmo aorda dar traslado a Consellería de Medio Ambiente indicándolle que non temos medios nin persoal suficiente e que buscamos solución ou colaboración.

Lese o escrito RE 315 de data 19 de xaneiro de 2007, presentado por GIMNASIO DO-MAJO, con enderezo na rúa Pacífico Rodríguez, nº 9 de A Guarda, xuntando memoria para a realización de "Las noches guardesas del deporte" os días 27 e 28 de xullo na Praza de San Benito para a súa autorización por parte do Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se terá en conta a súa solicitude.

Lese o escrito RE 311 de data 19 de xaneiro de 2007, presentado por DNA. MARTA CABRERA PÉREZ, con enderezo na rúa Circunvalación, nº 99 de A Guarda, solicitando unha axuda para financiación do proxecto da curtametraxe "Soños" da Escola de Imaxe e Son de Vigo.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non caben actos de liberalidade e que as axudas deben estar contempladas no orzamento municipal.

PUNTO 4.- INSTANCIAS DE URBANISMO

Lese o escrito RE 410 de data 24 de xaneiro de 2007, presentado por DNA. M^a CARMEN GALIÑANES GONZÁLEZ, solicitando a construción do muro de formigón na delimitación co camiño na parte traseira da súa vivenda sita no Paseo de Portugal por ser competencia do Concello tendo en conta o retranqueo.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que no momento que se vaia facer operativo o camiño se construíra o muro, e que pode colocar un peche provisional de rede ou definitivo segundo o retranqueo.

Lese o escrito RE 443 de data 25 de xaneiro de 2007, presentado por D. EULOGIO P. ABELEIRA CABALEIRO, con enderezo na Avda. de Castelao, nº 51-8^a de Vigo, presentando alegacións ó proxecto de Urbanización de vial de nova apertura promovido por Bainis Urbe, S.L. na prolongación da rúa Coruña, e solicitando que se ordena a revocación do acordo de aprobación inicial de dito proxecto.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar informe do departamento de urbanismo.

Dase conta do escrito RE 455 de data 25 de xaneiro de 2007, remitido por DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE, comunicando a resolución de autorizar a mellora do firme nun sendeiro no Monte de Santa Trega solicitado por D. José Vicente Ferreira en representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de A Guarda.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 384 de data 23 de xaneiro de 2007, presentado por D. AGUSTÍN CASTRO VIDEIRA, con enderezo na rúa Fontequente, nº 7 de A Guarda, solicitando, como posible afectado, que se lle informe da aliñación que lle vai dar á propiedade da parcela 560 do polígono 22 para cerrar a mesma respecto do camiño público.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar informe do aparellador municipal.

PUNTO 5.- OUTROS ACORDOS

Lese o escrito RE 428 de data 25 de xaneiro de 2007, presentado por D. JOSÉ ANGEL GÁNDARA, en calidade de Presidente de “Ábaco”, con domicilio social na rúa Vicente Sobrino, nº 6 de A Guarda, expoñendo diversas circunstancias da Cabalgata de Reis realizada entre esta asociación e o Concello, e solicitando explicación por parte do Sr. Alcalde da falta de compromiso co pobo de A Guarda ó ausentarse en tódolos actos oficiais levados a cabo.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito ó Sr. Alcalde e o Concelleiro de Cultura.

Lese o escrito RE 337 de data 22 de xaneiro de 2007, remitido por DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA – SERVICIO DE RECURSOS HUMANOS, achegando as bases que regulan o Plan de actuacións diversas en centros de servizos municipais para a realización de obras ou servizos municipais de interese xeral ou social fomentando deste xeito o emprego na provincia de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 294 data 18 de xaneiro de 2007, presentado polo CONCELLO DE TUI, achegando o informe emitido polo Oficial da Depuradora dese Concello segundo o cal o consumo de auga do mes de decembro de 2006 foi de 14.202 metros cúbicos e un importe de 2.887,27 €.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda o seu pago.

Dase conta do contrato de axuda asinado entre a Fundación Comarcal Baixo Miño – PRODER II e o Concello de A Guarda para o desenvolvemento do expediente “Pista deportiva exterior e parque infantil”.

PUNTO 6.- ASUNTOS TRAIOS POR CONCELLEIROS

Lese o escrito RE 328 de data 20 de xaneiro de 2007, presentado por D. XAN LOIS LOMBA ALONSO – CONCELLEIRO DO BNG DE A GUARDA, solicitando que se adopten as medidas oportunas para solucionar as deficiencias existentes no antigo colexo Manuel Rodríguez Sinde.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 313 de data 19 de xaneiro de 2007, presentado por INICIATIVA VECIÑAL DO BAIXO MIÑO (IVdoBM), solicitando copia de determinados documentos do rexistro de entrada xunto cos expedietnes correspondentes.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e se lle darán cando estean listas

Lese o escrito RE 468 de data 26 de xaneiro de 2007, presentado por D. XAN LOIS LOMBA ALONSO – CONCELLEIRO DO BNG DE A GUARDA, solicitando copia das ordes de paralización das 21 licencias concedidas en Solo Urbanizable de Interese Paisaxístico entre os anos 1999 e 2001.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

PUNTO 7.- SUBVENCÍONS

Dase conta do escrito remitido por VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR – DELEGACIÓN PROVINCIAL, comunicando a resolución de conceder unha axuda por importe de 16.313,64 € para levar a cabo un programa de educación familiar ó abeiro da Orde do 9 de xuño de 2006.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 330 de data 22 de xaneiro de 2007, presentado por PATRONATO DE TURISMO RIAS BAIXAS, comunicando a resolución do Consello Rector deste organismo de prestar conformidade á xustificación de subvención para a realización de prácticas en oficinas de turismo da provincia de Pontevedra no ano 2006 presentada polo Concello de A Guarda por importe de 3.000€.

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

Dáse conta das Bases reguladoras da concesión por concurrencia competitiva das axudas a concellos para dotación de Servizos Básicos a Praias publicadas no Boletín Oficial de Pontevedra en data xoves, 18 de xaneiro de 2007.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda acollerse a dita subvención e se compromete a realiza-la actuación subvencionada.

Non habendo máis asuntos a tratar o Presidente levanta a sesión ás doce horas e quince minutos do día da data do que eu, como Secretaria, dou fe.

.